

Era un día coma outro calquera na escola. A xente, o mobiliario, a decoración das paredes... todo igual que o día anterior, menos eu. Atopábame terriblemente cansa, e a miña atención á clase notábao. ¡E aínda por riba tocaba física...!

A clase transcorría normalmente, cando alguén preguntou se quedaba algún campo da ciencia que non estivese aínda descuberto. O profesor, Manuel, sentiuse ferido no seu orgullo ante tal pregunta e comezou a falar sobre a evolución da ciencia e a tecnoloxía nos últimos anos e ás inmensas posibilidades que se abrían de cara ó futuro. E daquela ocorreu... Quedei durmida.

E soñei.

- *Nenos, proxectade a visiomesas pola páxina 53 dos apuntes de xeografía.*

¿Xeografía? Nese intre a iluminación do aula cambiou, resultado de 30 rapaces activando nas súas mesas o modo de proxección de libros. As mesas convertéronse nun abrir e cerrar de ollos en libros virtuais. Fun pasando a man sobre a superficie da mesa ata chegar á paxina. *Antigamente os nenos tiñan que ir cargados á escola con varios kilos de libros ás súas costas*, pensei, agradecendo a existencia das visiomesas. Cun xesto da man ampliei o tamaño da letra do libro para ler mellor. Outro motivo para agradecer as visiomesas.

Cando erguín a mirada unha bola de luz flotaba no medio do aula. Tratábase do hologlobo terráqueo. Unha imaxe holográfica da Terra, coas súas características cores azuis, verdes e marróns xiraba lentamente suspendida no aire. De repente algo sucedulle ó hologlobo.

- *¿Qué son esas liñas que aparecen no hologlobo?* –Preguntei.

- *As fronteiras. Antigamente a Terra estaba dividida en países. Mirade, este foi un: Francia.* -Unha zona do hologlobo resaltou e ocupou todo o espazo no que antes estivera a Terra.- *Orixinalmente a Torre Eiffel que todos coñecedes era un símbolo de Francia. Sentíanse moi orgullosos dela.* –A torre tamén apareceu flotando no aire al lado de Francia.

Trala sesión co hologlobo a clase rematou e volvín para casa. A tranquilidade do fogar cesou cando vin que a miña avoa estaba tendo unha videoconsulta co médico.

- *¿Qué aconteceu?* –Preguntei, alarmada.

- *Nada, a avoa tiña dificultades para respirar pero nada grave. O médico está teleauscultándoa nestes momentos.* –Respondeu miña nai.

A miña avoa estaba en pé enfronte dunha pantalla na que se podía ver a figura dun médico, sabedora de que este estaba vendo directamente os seus órganos internos en busca de anomalías.

- *Vexo que a súa traquea está obstruída por algo que tragou. Únicamente ten que beber abundante auga ata que o alimento baixe.* –Dixo o médico.

Aliviada, subín ó meu cuarto.

- *Bos días Victoria.* –Saudou o meu computador persoal cando entrei. Coma sempre que entraba no meu cuarto, alegrábame que recoñecese a miña cara. As consecuencias de que detectase a cara de alguén que non fose da nosa familia ou do noso círculo de amigos sería... chamar á policía axuntando a foto da cara do intruso.

- *Bos días, AC. ¿Algún correo sen ler?* –Preguntei.

- *Non, Victoria.*

- *Ben. Busca información sobre Francia, por favor.*

AC resultaba ser unha axuda valiosísima. Esa voz feminina, tranquila e inalterable, proporcionaba respostas claras e concisas ás miñas preguntas da índole que fose.

Ó día seguinte a primeira hora tocaba física. Manuel situouse enfronte do encerado interactivo e debuxou un coche sobre unha rampla para representar un problema de caída libre. Ó premer “Executar” as figuras debuxadas cobraron vida e comezaron a caer libremente. De súpeto Manuel xirouse e me mirou con ollos encolerizados.

- *¿Qué estás facendo?*

- *¿Estás durmindo?* –Preguntou Manuel.

- *Eu...*

- *¡Sae ó encerado a facer o problema!*

Malhumorada e aínda durmida obedecín. Pero tras unha ollada rápida asaltoume a dúbida...

- *¿Onde está o botón “Executar”?*


E a xente comezou a rir.


Starring...



... as
visiomesas...


... o hologlobo...






... o sistema de videoconsulta ...

... "AC" ...





... e o encerado interactivo.